



RESOLUCIÓN DA XERENCIA, DO 14 DE DECEMBRO DE 2022, SOBRE O PERÍODO DE DESFRUTE EXCEPCIONAL DO PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES

Na Resolución da Xerencia, do 30 de xaneiro de 2019 pola que se regula a xornada, o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, establécese no seu Anexo A.12 *“Permiso por asuntos particulares”* que: *“Estes días poden aproveitarse até o 31 de xaneiro do ano seguinte”*.

De xeito excepcional, por mor dos numerosos cambios de destino como consecuencia da resolución de procesos de provisión de postos de traballo e de selección de persoal coa incorporación de persoal de novo ingreso acontecidas no segundo semestre deste ano, que incidiron no desenvolvemento ordinario das distintas tarefas que se desenvolven nas unidades administrativas e coa finalidade de non alterar a prestación do servizo neste remate de exercicio e inicio do vindeiro, o prazo establecido no referenciado anexo A.12, será ata o día 28 de febreiro de 2023.

Asinado de xeito dixital polo xerente da UDC.

Código Seguro De Verificación	3wsZuP9nSdE9mSmFFs/krge==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	15/12/2022 13:38:42
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3wsZuP9nSdE9mSmFFs/krge==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

